



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es



PLAN DE IGUALDADE

CEIP JUAN REY DE LOURENZÁ

Informado polo Claustro de mestres/as: / /2022

Aprobado polo Consello Escolar: / /2022



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "JUAN REY"

Avda de Soutelo,13. 27760 LOURENZÁ-LUGO

Tfno.: 982 870383

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipjuanrey/>

email: ceip.juan.rey@edu.xunta.es

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO
 - 3.1. EN RELACIÓN COA IGUALDADE
 - 3.2. EN RELACIÓN COA VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 3.3. EN RELACIÓN COA LGBTIFOBIA

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS
 - 4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES
 - 4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 4.3. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE LGBTIFOBIA

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN
 - 5.1. NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 5.2. NA ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS NO CURRÍCULO
 - 5.3. NA XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS
 - 5.4. NA COEDUCACIÓN DENTRO DA XESTIÓN DA CONVIVENCIA

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7. ANEXO



1. INTRODUCCIÓN

A igualdade de oportunidades e de responsabilidades é un dereito de todas as persoas, polo que está recollido en todas as normativas que sustentan o noso estado democrático. Cada vez máis, e dende todos os ámbitos, mírase á escola como a mellor ferramenta para previr as posibles discriminacións entre homes e mulleres e as tremendas consecuencias derivadas destas.

Educación significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que resulta necesario favorecer ese valor entre o alumnado para superar os estereotipos de xénero na comunidade educativa e tamén na familia.

O noso centro está concienciado desta necesidade pero tamén das dificultades que supoñen os cambios de hábitos e crenzas que están arraigados e mesmo agochados na nosa sociedade.

A organización e plantexamento dun modelo coeducativo por parte dos docentes supón tamén algúns cambios en diferentes elementos do proceso educativo: organizativos, metodolóxicos, etc. pero que van ser os que aseguren un cambio no noso alumnado para que no futuro o mundo que eles constrúan sexa máis xusto, máis respetuoso e máis igualitario.

Este Plan de igualdade ten que servir en primer lugar para detectar os estereotipos sexistas que persisten na nosa comunidade educativa, tamén para visibilizar as mulleres tanto dende a linguaxe, como polos seus logros na sociedade e o recoñecemento. Ao fin, trátase de introducir a perspectiva de xénero nas medidas adoptadas co fin de acadar unhas relacións de xénero igualitarias entre mulleres e homes e corrixir o desequilibrio se aínda existe.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

A **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación no seu Art. 1.: establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”. A **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, que modifica a anterior, engade para o terceiro ciclo unha área na que se prestará especial atención, entre outras, á igualdade entre homes e mulleres e o **Decreto 150/2022 do currículo de E. Infantil** e o **Decreto 155/2022 do currículo de E. primaria**, no seu artigo 17, puntos 2 e 3



incorpora os elementos transversais resaltando os valores de igualdade e respecto pola orientación sexual e a identidade de xénero, superando estereotipos e prexuízos sexistas.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

No seu Art. 23.: A educación para a igualdade de mulleres e homes, que o sistema educativo incluíra entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluíra, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Art. 24.: Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.

D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

E. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

A nivel autonómico, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

Art. 17.: O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade.



Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Art. 18.: Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe



considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Art. 22.: Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos-

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Art. 23.: Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Art. 24.: Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

Art. 25.: Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Art. 26.: Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a



diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro) contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contera actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

En primeiro lugar temos que realizar unha análise coeducativa do noso centro que nos permitirá elaborar un diagnóstico, coas fortalezas e debilidades en materia de igualdade e fará visible a toda a comunidade educativa a necesidade de acometer cambios.

3.1. EN RELACIÓN COA IGUALDADE

A nivel de documentos oficiais de centro (PE, PXA, PAT, Programacións).

Podemos manexar os seguintes items:

1. Existe a educación en igualdade como obxectivo nos diferentes plans.
2. Concrétase en actividades na PXA ou no PAT.
3. Existen unidades didácticas específicas ou actividades relacionadas coa igualdade en cada nivel.
5. Trátase a educación en emocións e os estereotipos nas programacións de cada trimestre.
6. Utilízase unha linguaxe neutra na que se vexan reflexadas as alumnas.

A nivel de Equipos Docentes e de Biblioteca (análise dos libros de texto e de lectura).

Valoración de estereotipos transmitidos:

1. Os textos presentan imaxes das mulleres ao longo da historia en tódolos ámbitos, sociais, políticos, literarios.
2. Importancia e prestixio dos personaxes femininos e masculinos.
3. As tarefas domésticas quen as realiza?
4. As tarefas fóra da casa e os traballos remunerados quen os realiza?
5. Quen protagoniza os feitos relacionados co deporte, ciencia, tecnoloxía, aventura?



6. A valentía, a forza, a toma de decisións, a ambición, o éxito social e profesional compárteno mulleres e homes?
7. O medo, a dozura, as emocións, o coidado dos demais, a sensibilidade... é algo compartido ou exclusivo das mulleres?
8. Nos álbums ilustrados hai diferenzas nas cores empregadas segundo aparezan homes ou mulleres?
9. Os personaxes femininos seguen un modelo de beleza uniforme ou hai variedade de corpos?
10. A finalidade última do personaxe feminino é atopar un home como parella?

A nivel de distribución de espazos (usos e ocupación de patios e espazos comúns)

1. No patio do recreo hai espazos que ocupan unha porcentaxe desigual de nenos e nenas.
2. Hai actividades de ocio nas que un dos sexos non é ben aceptada.
3. Hai actividades que teñen prioridade unhas sobre outras (futbol, brilé, comba).
4. Hai propostas de actividades diversificadas con materiais axeitados.

3.2. EN RELACIÓN COA VIOLENCIA DE XÉNERO

Trátase de comprobar se persisten actitudes discriminatorias cara ás mulleres, si se sigue infravolarando o traballo e os valores que as mulleres representan dentro da comunidade.

1. Enquisa sobre as distintas actuacións dos membros da familia respecto a las tarefas domésticas e dos irmáns e irmás.
3. Analizar o valor atribuído aos diferentes traballos (doméstico e fora da casa) e as persoas que o realizan.
4. Enquisa sobre os xoguetes utilizados en función do xénero e as valoracións que os acompañan.
5. O Centro selecciona os materiais visuais tendo en conta a diferenciación entre imaxes sexistas e non sexistas.
6. No Plan de Convivencia, faise análise do conflito dende unha perspectiva de xénero con datos desgregados por sexo.
7. Nas NOFC contéplanse medidas de corrección para actitudes machistas.

3.3. EN RELACIÓN COA LGTBIFOBIA

A igualdade de xénero é un principio transversal na actividade educativa dos centros e a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas de todas as persoas sen ter en conta a súa opción afectiva e sexual.



1. Trátase de comprobar se hai previstas as accións necesarias para a visibilización e normalización dos diferentes modelos de familias.
2. Se hai programadas actividades específicas próximas ás celebracións nacionais ou internacionais relacionadas co recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBI.
3. Se existe unha sensibilidade para detectar se hai estereotipos contra estes colectivos que se manifesten en bromas, burlas ou insultos.
4. Se se contemplan medidas correctoras para os casos de condutas discriminatorias por razón de opción afectivo-identidade sexual.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

Como obxectivo xeral deste Plan, pretendemos promover prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes en diferentes ámbitos da Comunidade Educativa e que promovan a súa eliminación, de xeito que favorezan en nenos e nenas un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria con valores encamiñados a á igualdade de oportunidades entre ambos sexos e respecto mutuo que se traslade ao resto da sociedade.

4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES

O obxectivo a longo prazo é educar dende a igualdade, pero na diferenza, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas:

- a) Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.
- b) Poñer en alza valores tradicionalmente femininos como a cooperación, o apoio ás persoas, etc, á vez que deixan de sobrevalorarse outras actitudes tradicionalmente masculinas negativas: a competitividade esaxerada, a violencia, a agresividade, etc.
- c) Poñer especial atención no uso de linguaxe non sexista dentro das aulas, en espazos comúns, na documentación elaborada polo centro, recoñecendo a necesidade de que as alumnas se sintan recoñecidas na linguaxe usada.
- d) Seleccionar libros de texto e outros materiais didácticos en función de criterios que respeten o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes,



fomentando o uso de todos aqueles materiais que sexan de tipo inclusivo, libres de sexismo.

- e) Visibilizar a presenza e aportación das mulleres no currículo e en espazos e actuacións propias do centro (carteis, exposicións, actividades, días conmemorativos, festas, biblioteca, etc.)
- f) Promocionar que a participación en actividades voluntarias do centro non se leve a cabo en función do sexo, facendo que motiven tanto a alumnos como a alumnas.
- g) Incorporar o principio de igualdade no funcionamento do centro, en especial no regulamento de funcionamento interno do mesmo fomentando o **uso equilibrado de espazos e tempos** para a participación igualitaria de alumnos e alumnas.

4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

O obxectivo a longo prazo é promover un centro que sexa un espazo de relación en paz previndo actitudes violentas dende as idades máis temperás.

- a) Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnos e alumnas, baseada no respecto á diferenza xerando situacións de diálogo en grupos onde prime o respecto á participación de todo o alumnado.
- b) Integrar no currículo a educación en emocións, como parte fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado promocionando valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia...
- c) Proponer e entrenar co alumnado estratexias de resolución de conflitos nonviolentos mediante a mediación e o diálogo insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais.
- d) Non permitir que o alumnado utilice expresións, comportamentos e actitudes violentas.
- e) Analizar, conxuntamente co alumnado, protocolos de actuación en caso de que se den situacións de acoso escolar ou outras formas de violencia relacionadas co xénero.



4.3. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE LGBTIFOBIA

O obxectivo a longo prazo é educar a todos os nenos e nenas para coñecer e aceptar a capacidade das persoas para expresar e establecer relacións afectivas, sexuais e de convivencia diferentes sempre que sexan favorecedoras do respecto e o crecemento personal en igualdade.

- a) Incorporación no currículo, de forma normalizada das diferentes maneiras de relacións entre as persoas: diversidade familiar, diferentes modelos de convivencia, etc.
- b) Previr calquera tipo de acoso traballando a ética das relacións entre iguais: Respeto do espazo, respecto das opinións, respecto dos gustos e aficións.
- c) Intervir sempre ante actitudes ou expresións sexistas ou homófobas debatindo para facer entender as consecuencias que implican para a vida das persoas.
- d) Fomentar a presenza de referentes positivos de identidades de xénero no centro para que se visibilice e poida converterse en cercano para toda a comunidade educativa.
- e) Poñer en marcha un rexistro de indicadores para detectar posibles casos de acoso escolar por LGTBIfobia dentro do protocolo de Acoso Escolar.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1. NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Incorporar o principio de igualdade no funcionamento do Centro a través das seguintes medidas:

- Designando a persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello escolar e dando a coñecer este feito a toda a comunidade.
- Solicitando a todos os membros colexiados a utilización da linguaxe visualizadora das nenas, utilizando ambas formas.
- Achegando as actividades formativas nesta materia a toda a comunidade educativa a través do Plan Director.
- Concretando o protocolo de detección de acoso por razón de xénero e expoñendo a toda a comunidade un rexistro de indicadores para detectar posibles casos de LGTBIfobia



5.2. NA ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS NO CURRÍCULO

Asegurar a presenza de referentes positivos de identidades de xénero diferentes no centro para que se visibilice e normalice :

- Revisar o PE e poñer como liña de centro valores tradicionalmente femininos como a cooperación, o apoio ás persoas, etc, á vez que deixan de sobrevalorarse outras actitudes tradicionalmente masculinas negativas: a competitividade esaxerada, a violencia, a agresividade, etc.
- Propoñer aos diferentes Equipos como criterio na organización de actividades a eliminación de estereotipos, facendo que motiven tanto a alumnos como a alumnas independentemente da carga social asociada ao xénero.
- Utilizar como criterios de Concreción Curricular no Centro a presenza de contidos como a educación en emocións, a diversidade familiar e diferentes modelos de convivencia e a ética das relacións entre iguais: respecto do espazo, respecto das opinións, respecto dos gustos e aficións.
- Establecer criterios de igualdade cos Equipos Docentes e Equipos de biblioteca para seleccionar libros de texto e outros materiais didácticos que visibilicen a aportación das mulleres e non conteñan trazas de actitudes sexistas.

5.3. NA XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS

Asegurar o uso equilibrado de espazos e tempos para a participación igualitaria de alumnos e alumnas :

- Intervir na estruturación dos patios e os momentos de lecer. Marcarase o espazo do recreo con diferentes recunchos para actividades variadas de xeito que se poidan darse oportunidades de realización personal no xogo, de xeito inclusivo.
- Xestión dos turnos de uso de pistas e instalacións, asegurando o uso equilibrado para diferentes deportes en función de criterios non suxeitos a estereotipos (futbol en cancha grande por ser moi utilizado polos nenos).
- Organización de actos e festivais nos que as actuacións programadas intercalen diferentes competencias e capacidades (sentimentos, emocións, habilidade física, competencia académica, habilidades artísticas nos diferentes ámbitos).
- Distribución de espazos de exposición que visibilicen a aportación das mulleres e non conteñan trazas de actitudes sexistas.



5.4. NA COEDUCACIÓN DENTRO DA XESTIÓN DA CONVIVENCIA

Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnos e alumnas, baseada no respecto á diferenza:

- Analizar a metodoloxía docente dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica, evitando reproducir os estereotipos de xénero e actitudes que reflexen estes durante a actividade docente.
- Prever calquera tipo de acoso traballando a ética das relacións entre iguais: Respeto do espazo, respecto das opinións, respecto dos gustos e afeccións.
- Entrenamento de estratexias de resolución de conflitos non violentas mediante a mediación e o diálogo insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais.
- A través da área de Educación física traballaremos estes valores asociados ao deporte. Nas áreas instrumentais estarán presentes aqueles referidos ás habilidades sociais principalmente.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados vaise levar a cabo una avaliación contínua que nos permitirá ver se os obxectivos plantexados están sendo os axeitados e as actividades propostas permiten logralos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Na avaliación final, utilizaremos os seguintes indicadores:

- A participación e implicación dos alumnos, alumnas, mestres, mestras e familias foi alta.
- A dinámica dos grupos foi fluida e coeducativa.
- O material elaborado foi de calidade e libre de sesgos sexistas.
- Se a reflexión colectiva e individual en torno ao tema aportou valores de equidade e xusticia social.
- Se foi utilizada unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos.
- Se o ambiente favoreceu a expresión sana e libre dos sentimentos.

Na memoria anual recollen as conclusións e propostas de mellora para o seguinte curso.